

• O PARAÍSO PERDIDO •

1

O 6 de outubro de 1929 nacía en Outeiro de Rei Manuel María Fernández Teixeiro, o primeiro fillo do matrimonio constituído por don Antonio Fernández Núñez e dona Pastora Teixeiro Casanova. A incorporación á escola provoca un gran desconcerto en Manuel María, xa que o priva de se comunicar e aprender na súa lingua inicial e de uso habitual.

“O que máis me chamou a atención foi que don Domingo, na escola, non se apeaba do castelán. Cando lle preguntou algo a un alumno, este respostou cunha castrapada que agora non lembro. A clase estourou nunha gargallada homérica, a min aquilo magooume e acobardoume. Estiven caladiño como un rato, sin tan siquer pestanexar. Cecais polo nerviosismo sentín unhas ganas tremendísimas de mexar. Cada intre que pasaba sentíame mais apurado. Estaba decidido a pedirlle permiso ó mestre para saír a mexar. Pero decateime que non sabía decir “mexar” en castelán. Facía mentalmente a traducción de “mexar” e dábame “mejar”. Aquelo non me soaba, non cadraba. Por eso non me atrevín... Tiña un medo arrepiante a dicir unha castrapada e facer o ridículo. As gargalladas que lle adicaran ó meu compañeiro facíanme gardar silencio. Permanecín calado como unha sepultura e resistín como puideren... Cando cheguei á casa fun á procura de meu pai. Estaba na horta facendo uns plantíos. Espeteille sin mais: “¿Cómo se dice “mexar” en castelán?”

Non hai no mundo ser tan desolado,
criatura máis ferida e pesarosa:
compañeiro da rosa ruborosa
e solidario irmao do desgraciado.

Eu nacín nunha casa moi fermosa
e, nela, deixei o meu pasado,
o tempo da nenez, o soño ousado,
e a miña adolescencia tormentosa.

A claridade volvéuseme foscior
malia vivir en min o gran encanto
da casa petrual que quero tanto.

Eu só son, amiga, feliz co teu amor
e co gozo sinxelo deste canto
que purifica e sublima a miña dor.

Sonetos á casa de Hortas (1997)

Tarxeta de visita
Manuel María –xa o sabedes– é o meu nome
feble, corto, esguío e tan desamparado
que sempre o usei sen apelidos.

Un nome humilde como a brisa que fai
ondear as centeeiras, unha folerpiña
de neve –un salouco só que o ar desfai–
que non pode chegar ao chao sen derreterse.

Un nome como tantos, sinxelo e do pobo.
Polos Hortas apelídome Fernández,
vella casta xunguida á terra desde sempre
no meu Outeiro de Rei da Terra Chá.
Por parte de nai son Teixeiro, familia
de labregos, que aínda vive no vello
casal de Vilanova, perto a Lugo,
na parroquia que din de Sanamede.

De neno prendeume o Miño coa súa música
e puxo no meu corazón vellos cantares.
Teño xa moitísimos anos repartidos
en alegrías, tristuras e fracasos.
Publiquei algúns libros. Son casado.
Levo barba entrecana para tapar o medo
que, como un verme, roi o meu sosego.
Procurador de oficio. Gáñome a vida
–e tamén o noxo e a desesperanza–
coa miña profesión e outras tristezas.

Agora vivo en Monforte para o que gusten,
coitando o amor, a comprensión, a fe
nos homes, na terra e máis na fala.
Carezo de títulos importantes. Non
teño vocación para arquivar diplomas
que son febles papeis –fume de nada–
que sempre rematan no faiado
irremisibelmente roídos polos ratos.

Remol (1970)



Os Cantares gallegos de Rosalía de Castro, as pezas teatrais de Carré Alvarellos e O gaitero de Lugo, que se encontraban entre os libros do pai, converteranse nas primeiras lecturas en galego do escritor.



O 2 de maio de 1943 falece o pai de Manuel María, e asume a súa formación o tío paterno don Xosé, párroco de San Froilán, quen o puxo en contacto coa teoloxía, a filosofía e a literatura.


“Era un home moi sobrio, moi disciplinado. Non fumaba, non bebía, erguíase ás seis da mañá tódolos días. Nunca deixaba o rezo canónico por nada do mundo. Non tiña calefacción na casa (...) e quedaba lendo ata as dúas ou tres da mañá, envolto nunha manta (...) Falaba correctamente o italiano e o francés. Estaba ben formado en clásicas. Viaxaba moito a Madrid (...) e tódolos anos daba unha volta por Europa. Ese era o único “luxo” que se permitía.”

Manuel María avanza os seus estudos de bacharel en Lugo até se producir o primeiro desencontro familiar. O tío determina que estude Dereito, mais o mozo sente atracción por Filosofía e Letras. Finalmente, ante a intransixencia do primeiro, terá que abandonar o futuro universitario e continuar a súa formación de xeito autodidacta.

O 20 de marzo de 1949 debuta en público cunha disertación sobre Juan Ramón Jiménez e as vangardas españolas impartida no Círculo de las Artes de Lugo.

Esta primeira experiencia literaria pública ábrelle as portas do faladoiro do café Cantón Bar, que logo se trasladará ao

café Méndez Núñez, onde coñecerá a Ánxel Fole, Luís Pimentel, Ánxel Xohán, Ricardo Carvalho Calero. Relacións persoais que acrecentará na etapa compostelá, no tempo do servizo militar, con Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey ou Carlos Maside.



Estes faladoiros eran o berce da resistencia intelectual antifranquista e actuaron como vasos comunicantes entre a intelectualidade galega silenciada ou exiliada na posguerra e as novas xeracións que debían tomar o relevo cultural nun país marcado pola miseria económica e a negación da súa identidade nacional.

• HABITAR A PALABRA •


Os anos de mocidade convulsa, inadaptada e inconformista trasládanse á escrita dos primeiros versos con 19 anos. *Muiñeiro de brétemas* (1950), primeiro libro publicado integramente en galego por un autor novo na posguerra, inaugura unha intensa vocación como escritor que o levará a ter escrito nove poemarios con apenas 24 anos e máis de 50 entre 1950 e 2004.

O meu poema persoal
naceu na miña carteira de estudante
para suplir un amencer de bágoas escusadas.
Morrendo a cada intre (1952)

En 1952 Manuel María dáse a coñecer como narrador cos *Contos en cuarto crecente e outras prosas*. A narrativa de Manuel María lévanos ao incansábel conversador, ao contador de historias. O país, as clases populares, sempre as máis desfavorecidas, constrúen o fondo temático do conxunto da súa obra. Ao tempo tamén, inicia a súa demorada travesía no tempo a expresión dramaturxica coa peza *Auto do taberneiro* (1957), editada en Braga, en Quatro Ventos.

O prego dos dezanove anos
pérdese no fume azul da brétema
e fixéchelo nacer ti, só ti,
con ese gariteiro son de gaita
e estas badaladas de bardo morriñoso
que me fan doer a alma
e a mar os teus delirios,
e as toleadas de horizontes e de lúas
que van deixando un recendo a romeo
na miña alma
feita toda de caraveis vermellos que fuxían.
No teu pisar feble de andoriña
quedou cravado o meu segredo
de táboa de amieiro.
Só unha bolboreta no refaixo dunha landra
me contou as voltas dos muíños
no almanaque das fontes cantareiras.
Os anos, dezanove,
meteron a súa testa entre unhas malvas
que se decataron do troular
de todos os caneiros.
Este prego, feito de aves e de loitos,
perdeuse na neve muiñada
pola debadoira tola dos meus soños.

Muiñeiro de brétemas (1950)



Superada a liña existencialista que encadra a poética inicial de Manuel María na Escola da Tebra, *Terra Chá* abre un novo escenario para o verso que se converte en retrato dunha fonda identificación coa terra.

*“O meu sentimento, a miña fala, os meus movementos lentos son chairegos.
Eu boto moito de menos a paisaxe da Terra Chá”.*

Este canto global á Terra Chá recompila, a través da palabra núa e o metro popular, as esencias da chaira labrega: as súas xentes, os ritos populares, os traballos diarios, as festas e romaxes, a paisaxe natural, a toponimia... todo un exercicio de humanismo paisaxístico que testemuña o proceso de desruralización do país e perda de identidade.

Un poemario revisitado polo poeta nas sucesivas edicións grazas á boa acollida e á elevada demanda popular, o que o animou a acrecentar o número de textos, e pasou dos 55 poemas da primeira edición até os 110 da quinta e definitiva, en 1989, que actualmente chegou xa á undécima edición.

Terra Chá


A Terra Chá somentes é:
un pobo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

Terra Chá (1954)

Dimensiós

Ollada a Terra Chá dende as alturas
é semellante a un mar en calma.
Pra medila só valen dúas mensuras:
ferrados de corazón, fanegas de alma!

Terra Chá (1954)



A década dos 60 está marcada pola publicación de varias obras lonxe do país e grazas ao apoio económico de galegos emigrados e exiliados, pois a censura da ditadura española o impedía. Cuestionar a inxustiza social, política, lingüística e cultural da ditadura fascista e facelo en lingua galega coa defensa das clases populares como protagonista principal era unha afronta ao réxime imperdoábel. As dificultades para editar en Galiza reiteráronse no tempo, por iso Manuel María quixo axudar os contemporáneos e mais as novas xeracións a visibilizar a súa escrita.

En 1967 funda a editorial Xistral que abre na Colección Val de Lemos un catálogo en que conflúen autores recoñecidos como Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira Vilas ou Bernardino Graña, con outras voces mozas como Lois Diéguez, Darío Xohán Cabana, Luís Álvarez Pousa, Fiz Vergara Vilariño, Xosé Lois García e Margarita Ledo.

O compromiso coa difusión da cultura levou a Manuel María e Saleta Goi, compañeira de vida desde 1959, a abriren en Monforte, en setembro de 1970, a librería homónima, Xistral, convertida no maior motor de dinamización sociocultural da vila.

O tempo consolidou o obxectivo principal deste proxecto familiar e tamén colectivo: achegar o libro galego á sociedade para descubrir a riqueza cultural do país.



A realidade sociolingüística galega, que minoriza a lingua propia e afasta a súa vitalidade da infancia e da escola, non lle pasa desapercibida ao poeta.

Os soños na gaiola (1968) convértese nun poemario infantil de éxito prolongado en sucesivas reedicións até a actualidade e musicado por Suso Vaamonde nun dobre disco, ao que seguiron outras voces como a de María Manuela, Fuxan os Ventos e máis recentemente Uxía, Magín Blanco, Pirilampo ou Fran Amil e a tribo incomprensíbel.

“Queridos nenos:

Un servidor que xa ten canas e un gran bigote que lle comeza a pesar, vai para vello. Nas súas horas de soedade lembra a súa lonxana infancia campesiña. Destas lembranzas foron necendo os versos que seguen. Os versos que este humilde autor botou de menos cando el era neno. Versos que, por outra banda, non había na literatura galega e que tan precisos son. Eu quixera encher, en parte, ese oco. Perdoádeme si non acertei.”

Galiza

Galiza docemente
está ollando o mar:
ten vales e montañas
e terras para labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos,
cargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galiza é unha nai
velliña, soñadora:
na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galiza é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
Mais hai outra Galiza
que vai no sentimento!

Galiza somos nós:
a xente e mais a fala.
Se buscas a Galiza
en ti tes que atopala!

Os soños na gaiola (1968)

As rúas do vento ceibe (1979) centran o destinatario poético “dun xeito particular para os nenos da cidade, un tanto esquecidos no outro meu libro para rapaces, *Os soños na gaiola*”. Un poemario que nace dunha clara vontade didáctica: aprender o que somos como pobo.

“Coido que a poesía que non nos ensine algo –o que sexa– non é poesía. Se estes poemas, sinxelos e simples, vos deprenderan a amar a nosa patria Galiza, este voso vello amigo sería o home máis feliz do mundo.”

A fala

O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pensar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós,
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
máis grande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
Se perdemos a fala
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte de que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
Precisamos a lingua
se queremos vencer!

As rúas do vento ceibe (1979)


A década dos 70 é un tempo convulso na defensa da restauración das liberdades para o pobo que sufría os abusos dun poder totalitario.

Sucédense as loitas sociais, as primeiras folgas nos estaleiros ferroláns ou o comezo das revoltas estudiantís. Mais tamén nacen os primeiros colectivos e asociacións culturais, que ensancharon a aproximación social ao nacionalismo emerxente e á realidade galega a través de cursos de galego, conferencias sobre historia, pensamento, economía, sociolingüística, a promoción de actividades teatrais ou a convocatoria de certames literarios.

Manuel María participa, en canto é posíbel, do activismo político nacionalista e chega a ser candidato ao Senado e á alcaldía de Monforte polo BN-PG.

Multas por intervencións públicas e participación en manifestacións, prohibición de conferencias e recitais, vixilancia domiciliaria e mesmo algunhas detencións, convértense en compañía amedrentadora para Manuel María e Saleta.

Tamén desde a escrita, coa arma da palabra, contestou este tempo inxusto con poemarios como *Cantos rodados para aliados e colonizados*, *Poemas para construír unha patria*, *Aldraxe contra a xistra* ou *Laio e clamor pola Bretaña*, moitos deles publicados lonxe do país grazas á colaboración de galegos emigrados e exiliados.



Nós non podemos ser a voz
que clama no deserto,
o tolo que estarabouza
nos camiños,
o grazneo da pega
nos carballos,
o laio do moucho
nos penedos.
Nós non podemos ser
a ollada tristeira
perdida na vastidade
do Atlántico,
un fisterre esquecido,
unha vella lembranza
acochada entre as brétemas,
unha soidade desamparada,
un berro chantado
nas entrañas que podrece
sen subir á gorxa varilmente.

Aldraxe contra a xistra (1973)

“Non imaxino a miña vida sen a poesía”

A obra poética de Manuel María supera os mil cincocentos poemas que responden a unha profunda necesidade de comunicar, de convivir co pobo a través da palabra.

A súa escrita é a cartografía dun tempo histórico e vital, colectivo e individual, dous planos que camiñaron sempre xuntos desde a coherencia e a consecuencia deste intelectual comprometido. A temática paisaxística, a amorosa, a crítica irónica, a nostalxia, o existencialismo, a reflexión metapoética, a morte ou a viaxe, todas son temáticas posíbeis no manuscrito de Manuel María, porque todo o que é humano pode ser poético.

“A palabra falada lévaa o vento. A que se escribe, aínda que non se lea nunca, permanece viva mentres se conserve no soporte que a contén.

O idioma non é, exclusivamente, noso: pertence aos devanceiros e aos que nos sucedan.

Nós unicamente recibimos a lingua en usufruto e temos a obriga de conservala e melloralala (...). Se un idioma morre, morre tamén o pobo que o fala”

Sei o que vale un verso

Sei que todos os versos do mundo non valen o que vale un home, o que vale o berro dolorido dunha nai, un bico apaixonado dos amantes ou o tenro recendo dunha flor. Sei que os versos non valen pero sigo escribindo sen parar. Sigo escribindo con carraxe, entusiasmo e paixón por se acado algo de poesía –unha folliña só que move o vento– entre a faramalla das miñas pobres verbas desnortadas. Un verso nunca vale o que vale o chíu dun paxaro, nin ten a forza dun río ou o poder arrepiante dunha bala. Pero eu sigo fidel, encadeado á música amorosa das palabras.

Remol (1970)

A Saleta

Non sei como agradecer tanta tenrura, tantos días usados en común, tantas horas de plenitude, tanta beleza que enterraches en min, tanta luz gastada simplemente en ollarme envellecer: oficio duro, doente, fatal e inevitábel. Eu só teño, para celebrar a túa nidia e inmarcesíbel primavera, esta melancolía señoardosa semellante, cecais, a unha camelia e as palabras murchas e acedas que intentan florecer nos meus poemas.

A luz resucitada (1984)

Poema do alleado




Son un bilingüista moi apaixonado, un colonialista ben colonizado. Teño lingua nai, e unha lingua pai e unha lingua filla que me marabilla. Son un alleado fino e progresista ben domesticado. Son un castrapista como está mandado!

Cantos rodados para alleados e colonizados (1976)

Rosas

SEMPRE a rosa. Sempre: a forma, a cor, o recendo, a luz, a perfección da rosa. Prefiro a rosa vermella. E amo a rosa branca porque, cando lle digo simplemente: ROSA, entrecerra os ollos, treme e ruborece.

A luz resucitada (1984)






A poesía é o xénero literario por excelencia en Manuel María, mais o seu herdo literario abrangue unha ampla produción narrativa, dramática e ensaística.

Rica e plural é tamén a súa expresión en forma de artigo xornalístico na sección “Andando a Terra” do xornal *A Nosa Terra* (1978-1988) e a inaugurada en 1989 en *El Correo Gallego*.

Nos diferentes campos literarios camiñan da man a biografía persoal e mais a crónica histórica que acompaña o home, potente contador da realidade que viviu e da historia das persoas que apenas teñen voz audíbel no curso da historia, nunha vontade que deriva dun profundo e amoroso coñecemento do país, da súa cultura, da súa lingua e da súa historia.

“Este humilde servidor procurou andar, con humildade e con verdade e, sobor de todo, cunha insobornábel fidelidade a Galiza, ás súas xentes e á súa fala, algúns dos camiños que a vida puxo diante del. Porque a vida non é inmovilismo nin se proxecta nunha soa dirección é que a miña poesía ten unha temática variada, dentro dunhas formas estéticas diversas, esixidas moitas veces polo tema. Polo demais eu de min só sei, con seguridade, que escribo versos. O que aínda non sei é se son poeta. Iso dirao, en definitiva, o tempo.”



A década dos 90 inicia as homenaxes públicas e recoñecementos ao escritor que quixo vivir atento ao seu contorno para lle dar voz e retratalo en imaxes literarias perennes para que as vindeiras xeracións coñecesen os pasos de Galiza pola historia de luces e sombras.

Como Fillo Adoptivo de Monforte de Lemos recibe o premio Pedrón de Ouro en 1994 e o seu nome fai parte do rueiro de varias vilas e cidades como Santiago de Compostela, Boiro, Carballo, Monforte, Lugo ou A Coruña. A primeira homenaxe nacional chegará na Coruña o 15 de setembro de 1995, baixo a coordinación da AS-PG.

O “Premio de Autor” concedido pola Federación de Libreiros de Galicia ou a homenaxe “O Escritor na súa Terra” que organizou a AELG o 31 de maio de 1997 no Outeiro de Rei natal complementan o recoñecemento da súa obra que, superadas incompreensións e dificultades de publicación, acabou por se popularizar na palabra e na música do pobo.

Finalmente, o 15 de febreiro de 2003 ingresa Manuel María na Real Academia Galega pronunciando o discurso “A Terra Chá: poesía e paisaxe”.

A lectura dunha obra viva e a proximidade ao poeta na súa amada Casa de Hortas –Outeiro de Rei– que agora acubilla a casa museo do autor, esvaece a perda física provocada pola morte na Coruña o 8 de setembro de 2004.



Cando xa estea canso de verdade e as cousas e o mundo non acendan en min ningún fervor, quero deitarme, Outeiro, no teu chao, contemplar o brillo das estrelas, o paso das nubes tráxicas e grises mentres, con todo o meu ser, vou, moi de vagar, dun xeito lúcido, facéndome, para sempre, terra túa, e ensumíndome, calado, no teu seo.

Ritual para unha tribo capital de Concello (1986)

